

***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE
GALICIA, O MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN, PUERTOS DEL
ESTADO E A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Marta Barreiro Castro, secretaria xeral técnica da Consellería do Mar,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Puertos del Estado e a Autoridade Portuaria de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 10.06.2026 ata o 15.06.2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Puertos del Estado e a Autoridade Portuaria de Vigo para a formalización dunha nova contribución económica conxunta correspondente ao exercicio 2026 destinada a financiar o Programa de Capacitación da Iniciativa Portos Azuis da FAO.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

- Todas as partes realizarán unha contribución económica de 31.360€.
- O Ministerio facilitará as outras partes o comprobante da transferencia realizada á FAO en concepto de aportación económica para o programa de Capacitación da Iniciativa Portos Azuis.
- A Secretaría Xeral de Pesca actuará como interlocutor formal coa FAO no desenvolvemento do Programa de Capacitación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

- A FAO está impulsado a nivel global a Iniciativa de Portos Azuis, que pretende fomentar o desenvolvemento sostible das zonas costeiras a través das operacións de Portos Azuis. Con esta finalidade, estanse promovendo boas prácticas dirixidas á sostibilidade da pesca como a mellora na xestión dos residuos nos peiraos e as lonxas, o control da cadea alimenticia e o impulso do emprego de calidade no sector.
- O 12 de xullo de 2022, o MAPA, Puertos del Estado, a Autoridade Portuaria de Vigo e a Consellería do Mar asinaron a Declaración Institucional polo impulso da economía azul nos portos pesqueiros a nivel internacional na que manifestaron o seu interese por apoiar a Iniciativa de Portos Azuis da FAO.
- As institucións asinantes ven o Programa de Capacitación como unha ferramenta estratéxica dirixida a estimular a implementación dun enfoque de economía azul nos procesos operativos dos portos pesqueiros, o desenvolvemento de ferramentas para a implementación de boas prácticas e a xeración de coñecemento en torno ao impacto dos portos na súa área de influencia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria Xeral técnica da Consellería do Mar

Marta Barreiro Castro

